



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



galicia

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO PROXECTO DE ENSINANZA E ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA

Módulo: MP1154 Proxecto De Ensinanza e Animación Sociodeportiva

Titor/a: Alba Carregal Albella

Curso: 2024-2025

Identificación do documento

Familia profesional	AFD	Actividades físicas e deportivas
Ciclo formativo	CSAFD01	Ensinanza e Animación Sociodeportiva
Grao		Superior
Módulo profesional	MP1144	Proxecto de Ensinanza e Animación Sociodeportiva
Autores		Alba Carregal Albella
Nome do ficheiro		Programación do módulo proxecto de ensinanza e animación sociodeportiva
Data de presentación		Día 18 de Setembro de 2024
IES AGRA DO ORZÁN CURSO 2024-2025		

1.- Identificación da programación	6
1.1 Centro educativo	6
1.2 Ciclo formativo	6
1.3 Módulo Profesional e unidades formativas de menor duración (*)	6
1.4 Profesorado responsable	6
2.- Introducción e contextualización	7
2.1 Xustificación. Marco Legal	7
3.- Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo	8
4.- Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación	10
4.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.	10
4.2 Instrumentos de Avaliación	11
5.- Relación de traballos a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado	12
5.1 Organización do módulo	12
6.- Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado	13
6.1 Normas de presentación dos proxectos	13
6.2 Entrega do proxecto	13
7.- Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación. Prazos de entrega do/s traballo/s para a súa supervisión. Formato de presentación da documentación e a exposición do informe final do traballo/proxecto	14
8.- Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación. Procedementos de recuperación do módulo	15
8.1 Mínimos esixibles	15
8.2 Criterios de cualificación	16
8.3 Procedementos de recuperación do módulo	17
9.- Procedementos para avaliar a propia programación	18
10.- Orientacións máis salientables para comunicar ó alumnado	19

1.- Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico
15005233	IES Agra do Orzán	Coruña (A)	2024/2025

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD01	Ensinanza e Animación Sociodeportiva	Superior	Ordinario

Denominación:	Ensinanza e Animación Sociodeportiva
Duración:	2000 horas
Nivel do Marco Español de Cualificacións para a educación superior:	Nivel 1. Técnico Superior
Referente Europeo:	CINE-5b

1.3 Módulo Profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1144	Proxecto de Ensinanza e Animación Sociodeportiva	2024/2025	-	26	-

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

1.4 Profesorado responsable

Docente titor/a:	Alba Carregal Albella
Outro Profesorado:	Gonzalo Souto Cañas, Ana M. Martínez Rivera, Sergio Pena Esmorís, Francisco Fernández Fraga, María Carretero Rivas, M ^a Dolores Casas Liste, Sergio A. Padín Fernández, Diego Taboada Lesta, Antía Martínez Castro e Amparo Vigo Lancho

2.- Introducción e contextualización

O módulo, que se desenvolve na presente programación, corresponde ó Proxecto de Ensinanza e Animación Sociodeportiva, con código MP1144 que se desenvolverá logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización do módulo profesional de Formación en Centros de Traballo e avaliarase, polo equipo docente, unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

O módulo de proxecto incluído o currículo, Real Decreto 651/2017 de 23 de Xuño, ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ó exercicio profesional e á xestión empresarial.

A Programación deste módulo profesional de proxecto consiste nun documento de especificacións sobre as características e o alcance do traballo a realizar que, en todo caso, deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional de que se trate.

Este módulo organízase sobre a base da titoría individual e colectiva por parte do profesorado que imparte docencia no ciclo formativo.

2.1 Xustificación. Marco Legal

A presente programación didáctica xustifícase con base no Real Decreto 653/2017, do 23 de xuño, polo que se establece o título de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva e se fixan os aspectos básicos do currículo.

Tómase tamén como referencia a Resolución do 10 de Xullo de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025.

Tamén se tomarán en conta distintos aspectos da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

3.- Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

O proxecto deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional das Actividades físicas e deportivas.

O equipo docente exercerá a titoría das seguintes fases de realización do traballo, que se farán de xeito presencial ou non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación e seguimento da execución do proxecto.

Fomentarase e valorarase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

Posto que a avaliación é de forma individual, cada alumno proporá un proxecto, que será aprobado polo equipo docente, para o seu desenvolvemento.

OBXECTIVOS:

- Identificar necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
- Deseñar proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, que inclúan o desenvolvemento das súas fases.
- Planificar a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.
- Definir os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustificar a selección das variables e dos instrumentos empregados.
- Elaborar o informe do proxecto realizado, e xustificar o procedemento seguido.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva exercen a súa actividade tanto no ámbito público (xa sexa na Administración xeral do Estado ou nas administracións autonómica ou local) como en entidades de carácter privado, en ximnasios, empresas de servizos deportivos, padroados deportivos ou entidades deportivas municipais, clubs ou asociacións deportivas ou de carácter social, empresas turísticas (hoteis, cámpings e balnearios, etc.), grandes empresas con servizos deportivos para os/as empregados/as, centros xeriátricos ou de carácter social, federacións deportivas ou organismos públicos de deportes (deputacións e direccións xerais de deporte, etc.).

Os sectores produtivos de inserción profesional son os do deporte, turismo, lecer e tempo libre educativo infantil e xuvenil.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- A. Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis e pádel, entre outros).
- B. Animador/a físico-deportivo e recreativo.
- C. Animador/a de actividade de inclusión deportiva.
- D. Animador/a de veladas e espectáculos en instalacións turísticas.
- E. Animador/a de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas.
- F. Animador/a de actividades de animación deportiva.
- G. Coordinador/a de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas ou privadas.
- H. Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- I. Coordinador/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas da xuventude e escolas de natureza.
- J. Coordinador/a de actividades paracurriculares no marco escolar.
- K. Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- L. Director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

- M. Director/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas- escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.
- N. Director/a de actividades paracurriculares no marco escolar.
- O. Xefe/a de departamento de animación turística.
- P. Cronometradora/a, xuíz/a e árbitro de competicións deportivas non oficiais.
- Q. Promotor/a deportivo/a e de competicións de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico.
- R. Monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos.
- S. Monitor/a de tempo libre.
- T. Socorrista en instalacións acuáticas.

O perfil profesional do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, dentro do sector terciario, define un/unha profesional polivalente con capacitación para exercer a súa actividade profesional no ámbito da actividade física saudable, respondendo tanto ás necesidades da poboación, como aos cambios no mercado do sector do fitness.

Dende as administracións públicas analízanse os efectos do sedentarismo, tanto dende o punto de vista económico como dende a perspectiva do descenso na calidade de vida e a saúde, e propóñense liñas de actuación dende a Unión Europea e dende os Estados para promocionar a actividade física como unha das ferramentas que poden paliar eses efectos e mellorar a saúde e a calidade de vida da cidadanía.

Actualmente, a tendencia na práctica da actividade físico-deportiva na nosa sociedade ten que ver cunha práctica non competitiva e cun marcado interese polo coidado do propio corpo, tal e como recolle o libro branco sobre o deporte da Comisión Europea e as sucesivas enquisas de hábitos deportivos da poboación española.

No contexto europeo, contamos co Eurobarómetro especial 334 acerca do deporte e a actividade física nos 27 Estados da Unión Europea, publicado en marzo de 2010. Nel indícase que o 61 % das persoas que practican deporte ou actividade física ten como principal motivación a de mellorar a saúde, seguida de estar en forma. Os datos que se publican nese documento correspondentes a España son tamén do 61 % para a finalidade de mellorar a saúde e do 29 % para o desexo dunha mellor forma.

No contexto español, dispoñemos do avance de datos da última enquisa de hábitos deportivos da poboación española, realizada polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (2010). Neste avance indícase que diminuíu o tipo de práctica deportiva competitiva e aumentou a recreativa ou con fins de saúde, en tanto que a ximnasia de mantemento en centro deportivo ou en piscina pasou a ocupar o primeiro lugar como deporte máis practicado.

No contexto galego, e segundo a enquisa estrutural a fogares en 2014 realizada polo Instituto Galego de Estatística, dúas de cada dez persoas practican actividades de acondicionamento físico en ximnasios, instalacións acuáticas e polideportivos.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda un mínimo de trinta minutos diarios de actividade física moderada para as persoas adultas e de sesenta minutos para a infancia (que abrangue o deporte, pero non se limita a el).

O cumprimento desa recomendación implicaría a intervención dun gran número de profesionais que teñan acreditadas as competencias que lles permitan desenvolver as funcións de planificación, organización, realización e avaliación das actividades de Ensinanza e Animación Sociodeportiva dirixidas a distintos tipos de poboación e en diferentes contornos de práctica, respectando en todo o proceso as marxes da saúde.

De feito, a European Health & Fitness Association (EHFA) publicou en 2010 os seguintes datos: a saúde en Europa e o sector fitness xeran 22 mil millóns de euros en ingresos, dan emprego a 370.000 persoas e serven a 40 millóns de cidadáns en materia de saúde en centros públicos e privados e ximnasios en toda Europa.

Tanto a recomendación da OMS como os datos económicos parecen avalar a proposta do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral, os movementos entre sectores e subsectores obrigan a formar profesionais polivalentes, capaces de adaptarse ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas.

A garantía de contar con profesionais que dean satisfacción a estas necesidades é un dos compromisos do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva, tal e como se recolle no seu perfil.

4.- Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

4.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.

– CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.

– CA1.2. Caracterízanse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.

– CA1.3. Identifícanse as necesidades máis demandadas ás empresas.

– CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.

– CA1.5. Identifícase o tipo de proxecto requerido para dar resposta ás demandas previstas.

– CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.

– CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.

– CA1.8. Identifícanse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.

– CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.

– CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.

– CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.

– CA2.3. Identifícanse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.

– CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identifícase o seu alcance.

– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.

– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.

– CA2.7. Identifícanse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identifícanse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

– CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identifícanse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.5. Identifícanse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

– CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.

- CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
- CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
- CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
- CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

4.2 Instrumentos de Avaliación

Haberá varios instrumentos de avaliación:

- a) Documento escrito: Táboas de observación baseadas na observación indirecta, é dicir, a partires dun rexistro documental, puidendo ser Listas de Cotexo ou Escalas de valoración.
- b) Exposición oral do escrito: Táboas de observación baseadas na observación directa e estruturada do comportamento do alumnado a partires de indicadores establecidos, puidendo ser Listas de Cotexo ou Escalas de valoración.

5.- Relación de traballos a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O proxecto desenvolverase de forma individual por cada alumno, co asesoramento do profesorado do ciclo(*). Cada alumno realizará un proxecto diferente.

- Planificación do desenvolvemento do proxecto.
- Estudio de viabilidade da empresa e documentación necesaria para formalizar unha empresa.
- Realización do desenvolvemento técnico do proxecto, búsqueda de información técnica, estudos de mercado, organización da empresa, etc.
- Realización da documentación final do proxecto.

(*)preferentemente, o que estea a impartir docencia no 2º curso do ciclo formativo.

O proxecto consistirá nun documento escrito que deberá presentar ó titor e na defensa oral de dito documento ante o equipo docente.

O módulo organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva, de forma presencial e/ou a distancia, na que se empregarán as tecnoloxías da información e da comunicación.

a) A titoría colectiva implicará a participación do equipo docente do ciclo formativo, segundo a temática elixida, nas actividades de asesoría, orientación, programación, seguimento e avaliación previstas para este módulo.

b) A titoría individual correrá a cargo dun único profesor, integrante do equipo docente do ciclo, con carácter xeral o titor do ciclo formativo, que actuará como titor para todo o alumnado que estea en disposición de cursar este módulo, así como de coordinador ou coordinadora das funcións do equipo docente en relación a él.

O titor terá o labor de orientar, dirixir e supervisar ao alumno durante a realización e presentación do proxecto e coordinar as titorías colectivas.

O profesorado do ciclo formativo asesorará, dirixirá e supervisará a realización do proxecto. Para o efecto, marcaranse datas de sesións de traballo para o seguimento do mesmo por parte do titor e do resto do equipo docente, referenciadas no apartado 7 deste proxecto.

As datas, con carácter xeral, para a realización das entregas para o seguimento serán as seguintes:

Convocatoria de Decembro:

Data	Apartado/s a revisar
4 de Outubro	Introdución e análise da realidade
11 de Outubro	Descrición e obxectivos
18 de Outubro	Xustificación e xestión de recursos
25 de Outubro	Xestión da calidade e xestión de seguridade e riscos
8 de Novembro	Avaliación e xestión de promoción e márketing
15 de Novembro	Cronograma e temporalización e xestión de recursos económicos
22 de Novembro	Presentación (exposición) do proxecto

Convocatoria de Marzo:

Data	Apartado/s a revisar
17 de Xaneiro	Introdución e análise da realidade
24 de Xaneiro	Descrición e obxectivos
31 de Xaneiro	Xustificación e xestión de recursos
5 de Febreiro	Xestión da calidade e xestión de seguridade e riscos
7 de Febreiro	Avaliación e xestión de promoción e márketing
14 de Febreiro	Cronograma e temporalización e xestión de recursos económicos
21 de Febreiro	Presentación (exposición) do proxecto

Convocatoria de Xuño:

Data	Apartado/s a revisar
4 de Abril	Introdución e análise da realidade
11 de Abril	Descrición e obxetivos
25 de Abril	Xustificación e xestión de recursos
2 de Maio	Xestión da calidade e xestión de seguridade e riscos
9 de Maio	Avaliación e xestión de promoción e márketing
16 de Maio	Cronograma e temporalización e xestión de recursos económicos
23 de Maio	Presentación (exposición) do proxecto

5.1 Organización do módulo

Establecerase un período de inicio, coordinado polo titor do módulo, con horas presenciais no centro educativo ou telemáticas para profesorado e alumnado para a proposta, deseño e adecuación dos diversos proxectos a realizar. O período de inicio poderá estruturarse inmediatamente despois da sesión de avaliación previa ao inicio da FCT.

Neste período introduciranse as liñas xerais, as fases de proxecto, as formas de presentación, os recursos, etc.

Para o seguimento presencial do módulo profesional de Proxecto, de ser o caso, logo de iniciada a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, aproveitarase a xornada quincenal de recepción do alumnado no centro educativo para o seguimento deste, as sesións tamén se poderán facer de xeito telemático.

Establecerase un período de tutoría a cargo do titor e de tutorías a cargo do resto de equipo docente para desenvolvemento e seguimento dos proxectos.

Establecerase un período de finalización no centro docente para a presentación, exposición, valoración e avaliación dos proxectos. Con carácter xeral a data tope de presentación do documento escrito será o día 30 de Maio de 2025, sendo as xornadas de exposición entre o 2 de Xuño e o 13 de Xuño de 2025 para a convocatoria de Xuño; o 29 de Novembro de 2024 como data tope para a

presentación do documento escrito e as xornadas de exposición entre o 2 e o 13 de Decembro de 2024 para a convocatoria de Decembro; e o 7 de Marzo de 2025 a presentación do documento escrito, e as xornadas de exposición entre o 10 e o 21 de Marzo de 2025 para a convocatoria de Marzo.

6.- Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

6.1 Normas de presentación dos proxectos

O proxecto concretarase nun informe final composto por:

a) Documento escrito.

b) Exposición do informe.

a) Documento escrito. Deberá reunir as seguintes características e incluír os apartados que se detallan deseguido:

a.1.). Características do documento. Requisitos de formato:

- Letra Grosa (cor negra) Arial 14 e 12 para os encabezamentos (títulos de apartado).
- Letra Arial 11 para o resto do texto.
- Marxe superior: 2,5 cm.
- Marxe inferior: 2,5 cm.
- Marxe dereito: 2,5 cm.
- Marxe esquerdo: 2,5 cm.
- Alineación horizontal: xustificada.
- Interliñado: sinxelo ou 1,5 liñas.
- Número total de páxinas sen anexos: máximo de 100 páxinas a unha sola cara. Neste cómputo non se inclúe a portada nin a contraportada, xa que non se numeran.

a.2) Guión do proxecto. Requisitos de estrutura:

Deberá incluír os seguintes apartados respectando a orde indicada:

- Introducción
- Xustificación
- Descrición
- Obxectivos
- Análise do entorno e do mercado
- Xestión de recursos (humanos, materiais e instalacións)
- Xestión de recursos económicos
- Xestión da calidade do servizo
- Xestión da seguridade e riscos da actividade
- Xestión da promoción e marketing
- Xestión das actividades
- Cronograma e temporalización
- Avaliación
- Anexos
- Fontes consultadas

b) Exposición do proxecto.

O alumnado deberá presentar e defender o seu proxecto na data e na hora que será establecida con anterioridade polo titor ou profesor encargado do seguimento. A presentación deberá facerse en Power Point ou similares (o máis recomendable é o formato PDF). Tanto o enfoque da presentación, medios informáticos, como o material a empregar serán decisión do/a alumno/a. Contará con 10 minutos para a súa exposición, así como un ordenador e proxector. Trala exposición, haberá unha rolda de preguntas. Tanto o enfoque da presentación, material como respostas da rolda de preguntas serán valorados. O idioma empregado será o galego/castelán.

6.2 Entrega do proxecto

O proxecto será entregado no centro educativo, en soporte dixital ou formato físico (papel). O titor indicará con antelación ao/á alumno/a (data e hora) para a súa entrega no caso de que sexa en soporte físico, deberá ser entregado perfectamente encadernado. Se así se establece no seu momento, o documento dixital poderá ser entregado por medio da aula virtual do centro ou por correo electrónico a indicación do titor.

As carpetas serán nomeadas en maiúsculas e letra Arial 12 da seguinte forma:

APELIDOS NOME_EASD_MP1144

Exemplo: GARCÍA MUÑOZ DANIEL _EASD_MP1144

Dentro desta carpeta estará o documento escrito e a presentación da exposición.

A copia entregada permanecerá, segundo a lexislación vixente, cinco anos no IES Agra do Orzán, puidéndose retirar, ao cabo deste tempo, polo alumnado, se así o require.

7.- Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación. Prazos de entrega do/s traballo/s para a súa supervisión. Formato de presentación da documentación e a exposición do informe final do traballo/proxecto

Establecerase un período de inicio, no segundo trimestre do curso, coordinado polo profesor do módulo, con horas presenciais no centro educativo para o alumnado, para a proposta, deseño e adecuación dos diversos proxectos a realizar. Neste período introduciranse as liñas xerais, as fases de proxecto, as formas de presentación, os recursos, etc.

É obrigatorio entregar este borrador antes da FCT.

De todas formas, co fin de que os alumnos organicen algunhas fases do proxecto, poderán consultar dúbidas co equipo docente, nas súas respectivas titorías, ao longo dos dous primeiros trimestres, sempre baixo a colaboración e supervisión do titor do módulo.

Establecerase un período de titoría a cargo do titor, e de titorías a cargo do resto de equipo docente para o desenvolvemento e seguimento dos proxectos. O alumnado poderá consultar as súas dúbidas durante as visitas quincenais establecidas para o seu seguimento. O calendario de titorías facilitarase ó inicio do período de prácticas. (Ver apartado 5)

O módulo de proxecto presentarase no mes de xuño, logo de realizada a FCT.

Establecerase un período de finalización no centro docente para a presentación, exposición, valoración e avaliación dos proxectos. O titor individual fixará as datas de entrega e exposición de cada proxecto. Estas datas serán entregadas por escrito ao alumnado e profesorado.

Os proxectos serán entregados ao titor para a súa presentación ante o grupo, xa que este deberá valoralo coa exposición por parte do alumno/a, para a súa posterior avaliación final.

En todo caso a presentación do documento escrito farase cunha antelación suficiente (ver apartado 5.1) para que o profesorado implicado na súa corrección poida facer a oportuna revisión do mesmo antes da exposición final.

No caso de ausencia de presentación, considerarase convocatoria consumida.

Formato de presentación da documentación:

Realizarase obrigatoriamente co formato especificado para o módulo polo equipo docente.

Presentarase tanto en formato dixital, ou en formato físico (papel). O tamaño do papel a empregar será UNE-A4, recoméndase usar papel do tipo 80gr/m². Entregarase unha copia que quedará en propiedade do centro, arquivada polo departamento de Educación Física. O centro docente fomentará a creación dun fondo documental cun exemplar de cada proxecto, a partires dos orixinais, con indicación da autoría.

Tanto o formato da portada, coma do resto do documento, deben cumprir estritamente os requisitos especificados no apartado 6.

Formato da exposición do proxecto final:

A exposición do proxecto consistirá na presentación pública ante unha representación do equipo docente do traballo realizado nun máximo de 10 minutos no que explicará os apartados que o forman. Para a presentación o alumnado poderá dispor de medios á súa disposición como: ordenador, videoproxector, etc. ou outros medios necesarios requeridos con antelación suficiente ao titor/a. O equipo docente e os compañeiros disporán de 10 minutos para propoñer cuestións relacionadas co traballo (correccións, melloras, suxerencias...)

8.- Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación. Procedementos de recuperación do módulo

8.1 Mínimos esixibles

RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.

– CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.

– CA1.2. Caracterízanse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.

– CA1.3. Identifícanse as necesidades máis demandadas ás empresas.

– CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.

– CA1.5. Identifícase o tipo de proxecto requerido para dar resposta ás demandas previstas.

– CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.

– CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.

– CA1.8. Identifícanse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.

– CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.

– CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.

– CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.

– CA2.3. Identifícanse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.

– CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identifícase o seu alcance.

– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.

– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.

– CA2.7. Identifícanse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identifícanse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

– CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordeadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identifícanse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.5. Identifícanse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

- CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
- CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
- CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.

- CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
- CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

8.2 Criterios de cualificación

O proxecto será calificado do 1 ao 10. Será requisito indispensable para acadar a avaliación positiva do módulo, obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Os criterios de cualificación serán comunicados previamente ao alumnado.

O documento escrito terá un peso na cualificación final do 90%. A exposición do informe terá un peso na cualificación final do 10%.

Independentemente da puntuación global obtida para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que acadar, como mínimo, o 50% da cualificación máxima determinada para cada apartado (4,5 puntos no documento escrito e 0,5 puntos na exposición do informe).

- Documento escrito: (sobre 10 puntos)

- Introducción: 0.25
- Xustificación: 0.25
- Descrición: 0.75
- Obxectivos: 0.25
- Análise do entorno e do mercado: 1.5
- Xestión de recursos (humanos, materiais e instalacións): 1.5
- Xestión de recursos económicos: 1,5
- Xestión da calidade do servizo: 0.5
- Xestión da seguridade e riscos da actividade: 0.5
- Xestión da promoción e marketing: 0.25
- Xestión das actividades: 1

- Cronograma e temporalización: 0.5
- Avaliación: 1
- Anexos: 0.25
 - Exposición oral: (sobre 10 puntos)
- Enunciado os obxectivos do proxecto: 0.5
- Descrición do proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector: 1
- Descrición da solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño: 1
- Descrición das actividades en que se divide a execución do proxecto: 1
- Xustificación das decisións tomadas de planificación da execución do proxecto: 1
- Xustificación das decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto: 1
- Formulación das conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo: 1
- Formulación, de ser o caso, propostas de mellora: 0.5
- Realización, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición: 1
- Emprego de ferramentas informáticas para a presentación dos resultados: 1
- Emprego de vocabulario e ton axeitados, así como fluidez na exposición: 0.5
- Implicación na exposición, adaptación ó tempo dispoñible e entusiasmo na mesma: 0.5

O proxecto debe ser orixinal, elaborado polo alumno/a e para a ocasión. No caso de comprobarse o plaxio parcial ou total do traballo presentado, este será cualificado con un 1.

Neste senso, nas referencias que se fagan ós contidos doutros autores citarase sempre a fonte correspondente.

No caso de non entregar o proxecto en prazo, nin nos termos acordados en canto a forma e modo de entrega, o proxecto será cualificado con un 1.

Para a obtención da nota final do Módulo terase en conta, tanto o documento escrito como a exposición, e cada parte ten que ser superada, como mínimo, con un 50% da puntuación correspondente. En caso de non obter a cualificación mínima en cada un dos apartados anteriormente indicados, a máxima nota que se poderá obter será de 4.

No caso de non obter unha cualificación positiva, é dicir unha cualificación inferior a 5 puntos, o alumno considerase suspenso no módulo Proxecto de Ensinanza e Animación Sociodeportiva.

8.3 Procedementos de recuperación do módulo

O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso, teña pendente exclusivamente o módulo de Proxecto, poderá realizalo en calquera dos períodos establecidos no artigo 6.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007 para o módulo de FCT. O alumno dispón de 4 convocatorias para superar o antedito módulo.

A avaliación e reclamacións do módulo de Proxecto rexeranse pola mesma normativa de avaliación que para o resto de módulos de formación profesional.

9.- Procedementos para avaliar a propia programación

Avaliarase o proceso de ensino, mediante a avaliación da práctica docente, e a programación, tendo en conta o establecido na LOMCE art. 106 e no decreto 114/2010 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, que no seu artigo 34.4 establece que "O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada". Así mesmo o artigo 48.2 establece que "Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento a que se refire o artigo 34.4 do presente decreto, e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado".

A avaliación das programacións é responsabilidade dos profesores do departamento. Ao longo do curso, nas sucesivas reunións de departamento, procederase á revisión para acordar as modificacións. Estas modificacións incorporaranse ás programacións ao remate do curso, onde se avaliará:

-Adaptación do currículo á contorna.

-Os espazos e o horario.

-A orientación educativa e profesional.

A avaliación da práctica docente realizarase coas enquisas que lles serán entregadas ao alumnado.

Os aspectos a avaliar da programación serán:

-Selección, distribución e secuenciación dos contidos.

-Adecuación dos criterios de avaliación.

-Idoneidade dos métodos pedagóxicos e materiais didácticos.

-Idoneidade das actividades de ensino aprendizaxe.

10.- Orientacións máis salientables para comunicar ó alumnado

- Na presentación da programación do curso, comentar ao alumnado que no período da FCT deberán desenvolver o módulo de Proxecto de Ensinanza e Animación Sociodeportiva.
- Cada certo tempo, falarlles do Proxecto para que vaian planificando o seu desenvolvemento.
- Recordarlles ós alumnos que poden consultar co profesorado do ciclo sobre os aspectos relativos ós contidos do Proxecto.

En A Coruña, a 18 de Setembro de 2024

Asinado: Alba Carregal Albella

Titora de 2º de Ensinanza e Animación Sociodeportiva